

**Hoxe, en Compostela,** ás 20.00 horas, en El Corte Inglés preséntase 'Novidades, souvenirs, artigos de coña', de Rober Bodegas




**Hoxe, en Ferrol,** ás 19.00 horas, ante o edificio da Xunta de Galicia, concentración de protesta pola entrada dun gaseiro na ría

**Hoxe, en Compostela,** ás 21:00 horas, no Teatro Principal, concerto de Todo Lírica con José Manuel Zapata e Rubén Fernández

## CADERNO ABERTO

# Juan Gelman en Galicia



MIGUEL ANXO  
FERNÁN  
VELLO

**"O extraordinario é como a poesía vén do fondo dos séculos e segue existindo"**  
**(Juan Gelman)**

Juan Gelman recibirá en Galicia o premio, creado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que leva ben visíbel a denominación de "Escritor galego universal". Independentemente do acerto desta denominación ("galego universal") para recoñecermos grandes escritores de fóra—escritores galegos universais son Blanco Amor, Antón Avilés, Xohana Torres, Xavier Baixeras ou Arcadio López-Casanova, entre tantos outros—, benvindo sexa a Galicia, con todos os honores, o gran poeta Juan Gelman, fillo

de ucraíños, xudeus ashkenazi, que un día emigraron á Arxentina —corría o ano 1928— e que viron como o apelido co que saíron da URSS, Hellmann, sería trocado na alfándega arxentina por un Gelman que xa levaría o poeta para sempre.

Sen dúbida, o autor arxentino é hoxe un dos poetas más respectados e admirados no mundo da poesía iberoamericana, e, como ten expresado César Antonio Molina, con nidia contundencia, "biografía e poesía confúndense en Juan Gelman nun prodixioso só que é capaz

de se converter nun proxectil contra a morte". Eu tiven a ocasión de tomar un día un tequila con Gelman na Casa do Poeta Ramón López Velarde, en México DF, e lembro as cadencias graves e fondas da voz do poeta, talvez un pouso interior de tristura, que me produciron, se cabe, un maior respecto pola súa figura.

Un ano despois compartín estancia con Juan Gelman en Ciudad Juárez, onde o arxentino recibía a Medalla ao Mérito Literario entregada polo Encontro Internacional de Literatura que alí se celebra, e resultaba

imposibel esquecer—e máis naquela violenta cidade—esa "poesía contra a morte" que Gelman enuncia e defende, aparellada a un concepto de "memoria histórica" propio do autor, que el entende como "único camiño para construír unha convivencia cívica e sólida". Benvido, como diciamos, Juan Gelman a Galicia, terra de poetas resistentes coma el mesmo.

E fiqueñ as súas palabras: "O extraordinario é como a poesía pese a todo, ás catástrofes de todo tipo, humanas, naturais, vén do fondo dos séculos e segue existindo". ●